

# XENÉRASÓN ROCK!

2023 XUÑO-XULLO 2023 XUÑO-X

BUSCAMOS  
NOVOS   
TALENTOS



DE GALICIA  
AO MUNDO



MONTE DO GOZO

II EDICIÓN 

#OBOSEMPREVOLVE

Go  
Go! Zo!



galicia



COLABORA  
CTVG

# BASES XENERASON ROCK Go!Go!Zo!

## Qué é o XeneraSon Rock?

É un certame de música dirixido a calquera agrupación que non estea en ningún selo discográfico, grupos de academias e bandas nóveis de Galicia e Portugal

## Como participar?

- A inscrición realizarse na web do festival ([www.go.gozo.gal](http://www.go.gozo.gal)) do 16 de maio ao 15 de xuño.
- Poderanse presentar os grupos que queiran, non profesionais, pertencentes a academias ou non.
- Non hai restricións no tocante a estilos ou á cantidade de integrantes.
- As agrupacións participantes non poderán ter contrato con selo discográfico algún e, de ter editado algo, ten que ser de produción propia.
- Os grupos non poderán compartir integrantes
- No caso de menores, deberán presentar autorización expresa da nai, pai ou titor/a legal
- O custo por inscrición será de 25 € por persoa integrante da agrupación

## Cando e onde se celebra o XeneraSon Rock?

- O XeneraSon Rock desenvolverase en dúas fases:
  - ↳ Os días 23, 24 e 25 de xuño serán as semifinais
  - ↳ O día 15 de xullo terá lugar a gran final.
- O certame desenvolverase no complexo do Monte do Gozo

## Que se ofrecerá dende XeneraSon Rock?

- **Produción técnica:** Escenario de calidade tapado. Equipo de son profesional con persoal técnico de son e con auxiliares para o correcto funcionamento dun concerto profesional.
- Cada agrupación dará a súa autorización e cederá os seus dereitos de imaxe á organización do certame que nunca se utilizarán para un uso comercial.
- A organización resérvase o dereito a introducir as modificacións que estime oportunas para o axeitado funcionamento do certame

## Como é a dinámica do concurso?

- Nas semifinais, cada agrupación ofrecerá unha actuación das seguintes características:
  - ↳ Un máximo de 20 minutos ou interpretando 4 temas
  - ↳ Unha canción deberá ser interpretada obrigatoriamente en galego
  - ↳ Deberase interpretar, polo menos, unha versión dunha canción coñecida
- A fase final, á que pasarán 6 agrupacións, que actuarán de acordo ás seguintes normas:
  - ↳ Un máximo de 20 minutos ou 4 temas
  - ↳ Deberán tocar, polo menos, dous temas distintos aos da semifinal
  - ↳ Igualmente, interpretarase unha canción en galego e ofrecerase, como mínimo, unha versión dunha canción coñecida
- Da fase final saírán as 2 grupos gañadores

## Quen valorará as actuacións?

- XeneraSon Rock contará cun xurado composto por 3 profesionais pertencentes á industria musical
- Valoraranse a execución, a posta en escena, orixinalidade e as composicións propias.
- O xurado decidirá as 6 agrupacións finalistas e ás 2 gañadoras.

## En que consiste o premio?

- O premio consistirá na gravación dun EP nun estudo profesional
- Os dous grupos gañadores tamén actuarán en festivais recoñecidos de Galicia

Máis información: [contidos@gogozo.gal](mailto:contidos@gogozo.gal)

\*A participación neste concurso implica a aceptación destas bases